

GALIZA FISTERRA O EXTREMO OCCIDENTAL DA TERRA
COÑECIDA MÁIS ALÓ DESTAS RUDAS ROCHAS ESTÁ O
OCÉANO O TENEEROSO QUE REMATA EN GRANDES
ABISMOS NO BORDO DO CALES NAVEGAN ENORMES
BALEAS GRANDES BESTAS HOSTIS AQUÍ REMATA O
HÁBITAT DO HOME E ESTE PODE ASISTIR CADA DÍA Á
MORTE DO SOL ALVARO CUNQUEIRO

ANPAS GALEGAS na fin do mundo

CONCELLO DE FISTERRA
21 e 22 DE MAIO 2016



PROGRAMA

Sábado 21 de maio

11:00 hs

Presentación das xornadas

Salón de plenos do Concello

Javier Sánchez (presidente da Confederación ANPAS GALEGAS)

Teresa Fernández Martínez (concelleira de Educación de Fisterra).

11:20 hs

Xogos Cooperativos e de Presentación

11:45 a 14:00 hs

Concellos Educadores

Salón de plenos do Concello

Modera:

Javier Sánchez, presidente da Confederación ANPAS GALEGAS.

Relatores:

- Teresa Fernández Martínez, concelleira de Educación de Fisterra.
- Carme Fouces Díaz, concelleira de Educación de Pontevedra.
- Silvia Cameán Calvete, concelleira de Educación de A Coruña.
- Mar Eirís Villar, concelleira de Educación de Carballo.
- Olga Alonso Suárez, concelleira de Educación de Vigo.
- Jesús Basterrechea López, concelleiro de Educación de Ferrol.

CIDADE EDUCADORA



O Concello é a administración máis achegada á realidade cotiá e pode traballar coas outras administracións para beneficio da cidadanía.

Sendo que como nais e pais de nenas e nenos do Ensino Público, entendemos que a súa formación integral ten que ser obxectivo principal das administracións públicas, consideramos que por propias competencias ou por intermediación os concellos deberan ter como prioridade nos seus obxectivos á educación.

Tal e como recolle a carta das cidades / concellos educadores, asumen como súa a competencia para promover a educación na diversidade, a comprensión, a cooperación solidaria, a paz. E asemade combater calquera tipo de discriminación, fomentar a liberdade de expresión, a diversidade cultural e o diálogo en condicións de igualdade.

Para coñecer esta acción dos concellos convidamos a membros de distintas corporacións a que nos conten as súas políticas educativas.

14:00 a 16:30 hs

Xantar e sobremesa

Conversa sobre a realidade educativa municipal.

Restaurante O Centolo

E non quedaron cousas no tinteiro sobre o que fan os concellos en materia educativa? Seguro que si, na sobremesa sairá o que estas administracións realizan na competencias que lles correspondan en materia de educación...

17:00 a 18:45 hs

A xestión das emocións. A Educación Emocional. María Carmen Loureiro,

licenciada en Psicoloxía, profesora no IES da Illa de Arousa.

Salón de plenos do Concello de Fisterra.

Coñecemos e coñecer ás persoas que nos rodean é indispensable para regular a conduta. Desa regulación dependerá a nosa estima e a convivencia cidadá. Por esa razón, apostar polo coñecemento das emocións propias e alleas, a autonomía, a empatía e o respecto, é unha obriga da educación do século XXI.

- Aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos, aprender a ser.. Dificilmente se pode aprender a "ser" e a "vivir xuntos" se seguimos cun modelo educativo que nos fai mais hábiles co mundo físico ca co social; que nos leva a saber máis cousas do mundo exterior ca da nosa propia intimidade; a coñecer máis os obxectos ca a nós mesmos ou as persoas que nos rodean (M^a Carmen Loureiro).

19:00 a 20:15 hs

Era poesía e ti non o sabías

María Lado e Lucía Aldao

Salón de plenos concello de Fisterra. Poesía e humor, a cargo deste dúo que forma unidade en si mesma. María e Lucía farán o que mellor saben facer: poesía como escusa para botar uns versos ou xogar co humor co pretexto de recitarnos uns poemas. Poesía dotada de ritmo e comunicación aberta ao público, xogos e historias que rodean aos poemas...E música, como non.

21:30 hs

Cea e debates á luz do candil

Hotel Áncora

Cea educativa con sobremesa sen cronómetro para falar de todas esas cousas que nos van quedando no tinteiro do debate educativo.

23:00 a 3:00 hs Verbena: Rúa Ara Solis

nota

Sábado 21 de maio

de 11:30 a 14:00 hs

Servizo de ludoteca para nen@s

de 16:30 a 18:30 hs

Hinchables para nen@s

Domingo 22 de maio

11.00 H a 13:30 hs

Roteiro, recursos educativos do entorno de Fisterra.

Fisterra, asentada sobre unha península na que penetra o océano con dúas caras moi diferentes, unha mirando ao mar aberto, a outra protexida dos ventos polo monte Facho, as enseadas de Sardiñeiro e Langosteira.

Cunha importante parte da súa superficie integrada na Rede Natura 2000 e sendo punto final do Camiño de Santiago Muxía - Fisterra, conta cun patrimonio arquitectónico relevante.

As xornadas rematarán nunha visita ao **Museo da Pesca**, na que exercerán de guías as ANPAS da localidade.

981 740 452 Restaurante O Centolo

981 740 791 Hotel Ancora

Inscripción <https://goo.gl/jH9MnR>